



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Abril 2022


Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Abril 2022

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en abril de 2022 un descenso do 8,0% con respecto a abril de 2021, mentres que a nivel nacional rexistrouse un decrecemento interanual do 0,4%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo decreceron un 0,3%, os bens de equipo un 17,2% e os bens intermedios un 7,5%. Pola súa parte a enerxía retrocedeu un 8,3%.
- Por ramas de actividade as achegas negativas mais destacables corresponden á “fabricación de vehículos de motor” que resta 3,8 puntos, a “producción de enerxía eléctrica”, que resta 2,3 puntos e a “fabricación de material e equipamento eléctrico” que resta 0,9 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas positivas destacan: a “industria da madeira e da cortiza” que suma 1,2 puntos, a “confección de roupa de vestir” que engade 0,9 puntos e a “fabricación de mobles”, que achega 0,3 puntos á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Abril 2022



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de abril de 2022 rexistrou en Galicia un descenso do 8,0% en taxa interanual, mellorando en 3,5 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-11,4%). En España, rexistrouse un retroceso do 0,4%, empeorando en 1,5 puntos a taxa acadada no mes anterior (1,1%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un decrecemento do 0,3%, o que resta 0,1 puntos.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do -17,2%, o que resta 4,2 puntos.
- Os **bens intermedios** caen un 7,5%, cunha repercusión negativa de 2,2 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que diminúe un 8,3% restando 1,6 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de marzo de 2022, por destino económico, os bens de consumo empeoran 5,9 puntos, os bens de equipo melloran 7,7 puntos, os bens intermedios melloran 0,1 puntos e a enerxía mellora 14,0 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas máis destacables que presentan maiores achegas negativas á taxa interanual de abril foron: a “fabricación de vehículos de motor”, que resta 3,8 puntos, a “produción de enerxía eléctrica”, que resta 2,3 puntos e a “fabricación de material e equipamento eléctrico” que resta 0,9 puntos á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións positivas destacan: a “industria da madeira e da cortiza” que suma 1,2 puntos, a “confección de roupa de vestir” que engade 0,9 puntos e a “fabricación de mobles”, que achega 0,3 puntos á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de abril moveuse entre o -8,0% de Galicia e o 22,2% de Illes Balears.


Ademais da devandita, presentan taxas interanuais superiores á media estatal: Extremadura (21,5%), Aragón (10,4%), Castilla - La Mancha (6,6%), La Rioja (5,2%), Canarias (3,8%), Castilla y León (2,7%), Madrid (2,0%) e Andalucía (0,6%).

IPI Abril 2022 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Abril 2022

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | | REPERCUSIÓNS (%) | |
|------------------|--------|----------------|-------------------|------------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | | | |
| Xeral | 97,2 | -8,0 | -6,5 | -- | -- |
| Bens de consumo | 129,8 | -0,3 | 10,8 | -0,1 | 2,7 |
| Bens de equipo | 82,8 | -17,2 | -13,5 | -4,2 | -3,4 |
| Bens intermedios | 111,8 | -7,5 | 1,7 | -2,2 | 0,5 |
| Enerxía | 69,1 | -8,3 | -26,4 | -1,6 | -6,3 |
| España | | | | | |
| Xeral | 101,8 | -0,4 | 2,0 | -- | -- |
| Bens de consumo | 103,9 | 1,8 | 5,1 | 0,5 | 1,3 |
| Bens de equipo | 100,7 | -1,6 | 0,7 | -0,4 | 0,2 |
| Bens intermedios | 107,6 | -3,7 | 0,0 | -1,2 | 0,0 |
| Enerxía | 92,5 | 3,9 | 2,8 | 0,7 | 0,6 |

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Abril 2022

| Ramas | VARIACIÓNS (%) | | | | Ponderacións |
|--|----------------|-------------|-------------------|-------------|--------------|
| | Interanual | Repercusión | No que vai de ano | Repercusión | |
| Total | -8,0 | | -6,5 | | |
| Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería | 22,5 | 1,2 | 45,6 | 2,0 | 3,6 |
| Confección de roupa de vestir | 14,2 | 0,9 | 44,7 | 2,2 | 4,1 |
| Fabricación de mobles | 19,2 | 0,3 | 29,9 | 0,4 | 1,1 |
| Industria química | 8,1 | 0,1 | 21,3 | 0,3 | 1,5 |
| Industria téxtil | 8,1 | 0,0 | -11,0 | -0,1 | 0,6 |
| Industria do papel | 0,8 | 0,0 | -4,7 | -0,1 | 2,2 |
| Fabricación doutros produtos minerais non metálicos | -0,7 | 0,0 | 7,3 | 0,2 | 2,6 |
| Reparación e instalación de maquinaria e equipamento | -0,9 | 0,0 | 1,5 | 0,0 | 4,1 |
| Outras industrias manufactureiras | -7,8 | -0,1 | 11,7 | 0,1 | 0,5 |
| Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n. | -5,9 | -0,2 | 15,0 | 0,3 | 2,0 |
| Fabricación doutro material de transporte | -22,1 | -0,2 | -21,5 | -0,3 | 2,0 |
| Industria da alimentación | -2,1 | -0,3 | 1,1 | 0,2 | 13,2 |
| Fabricación de bebidas | -10,1 | -0,4 | 8,8 | 0,3 | 3,5 |
| Outras industrias extractivas | -35,1 | -0,4 | -0,3 | 0,0 | 1,1 |
| Fabricación de produtos de caucho e plásticos | -20,8 | -0,6 | -14,3 | -0,4 | 2,5 |
| Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento | -9,9 | -0,8 | 3,0 | 0,2 | 7,7 |
| Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes | -16,1 | -0,8 | -16,6 | -0,8 | 5,1 |
| Fabricación de material e equipamento eléctrico | -53,0 | -0,9 | -36,1 | -0,6 | 1,4 |
| Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado | -15,6 | -2,3 | -34,6 | -6,9 | 22,3 |
| Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques | -27,1 | -3,8 | -27,5 | -4,0 | 13,1 |
| Coquerías e refinación de petróleo | * | * | * | * | * |
| Industria do coiro e do calzado | * | * | * | * | * |
| Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos | * | * | * | * | * |
| Captación, depuración e distribución de auga | * | * | * | * | * |
| Fabricación de produtos farmacéuticos | * | * | * | * | * |
| Artes gráficas e reprodución de soportes gravados | * | * | * | * | * |

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Abril 2022

| CCAA | ÍNDICE | VARIACIONES (%) | |
|----------------------|--------------|-----------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| España | 101,8 | -0,4 | 2,0 |
| Galicia | 97,2 | -8,0 | -6,5 |
| Andalucía | 92,1 | 0,6 | 5,2 |
| Aragón | 105,9 | 10,4 | 3,8 |
| Asturias | 101,1 | -4,3 | 3,4 |
| Balears (Illes) | 86,6 | 22,2 | 14,7 |
| Canarias | 88,6 | 3,8 | 4,4 |
| Cantabria | 108,1 | -0,8 | -1,1 |
| Castilla - La Mancha | 102,8 | 6,6 | 4,6 |
| Castilla y León | 91,8 | 2,7 | -5,4 |
| Cataluña | 105,4 | -2,2 | 0,6 |
| Comunitat Valenciana | 102,1 | -3,0 | 1,5 |
| Extremadura | 107,5 | 21,5 | 6,0 |
| Madrid | 109,3 | 2,0 | 4,1 |
| Murcia | 114,0 | -3,5 | 7,1 |
| Navarra | 106,0 | -3,8 | 6,1 |
| País Vasco | 98,0 | -2,2 | 3,9 |
| Rioja (La) | 87,2 | 5,2 | 5,0 |

Fonte: INE